



CONCELLO

DE

**RIBAS DE SIL**

(LUGO)

**BASES QUE REXERAN A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL**

**1º.- OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN**

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a provisión das prazas de persoal laboral temporal de 6 auxiliares de axuda no fogar a tempo completo no Concello de Ribas de Sil.

**A contratación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos presupostos 2019.**

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

**Tipo de contrato:** Contrato de obra ou servizo determinado de luns a domingo segundo as necesidades do servizo e cos descansos establecidos por Lei.

**Duración do contrato:** desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

**Retribución:** O salario bruto mensual, a xornada completa, é de 748,78 € máis 124,80 € de paga extra. O salario reducirase, de forma proporcional, en función das horas traballadas.

**Cometido da praza** (funcional e extensión): Consistirá en atender ás persoas, recoñecidas en situación de dependencia pola Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, na realización das Actividades Básicas da Vida Diaria, así como, ás persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrência, e fosen valoradas con posterioridade correspondéndolles a efectividade do dereito.

**Sistema de provisión:** Concurso de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade así como o da publicidade e non discriminación e os sistemas de promoción profesional a que fai referencia a lexislación laboral.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 30/1984 do 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública modificada pola Lei 22/1993 de 29 de decembro; na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real Decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; no Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da Administración local; no Decreto 95/1991 do 20 de marzo aprobatorio do Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; no Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e na Lei 7/2007 de 12 de abril pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e nas demais disposicións aplicables e concordantes. Ordenanza Reguladora de Servizos Sociais aprobada polo plenario municipal de data 03.11.2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia, número 260, do 12.11.2014, entrado en vigor aos 15 días da súa publicación.

**2º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS**

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumpri-los seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitude e que estean debidamente xustificadas:

**Requisitos xerais:**

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



## CONCELLO

DE

## RIBAS DE SIL

(LUGO)

- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

### Requisitos específicos:

- a) De acordo coa Resolución do 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre acreditación de centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (BOE núm. 274 do 16 de novembro de 2016), quen realice as funcións de auxiliar de axuda a domicilio deberán acreditar a cualificación profesional de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, segundo determinése na normativa que a desenvolve.

Para ese efecto, consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- Certificado de Profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo.
- O título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998, do 30 de abril, ou o título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio.
- O Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto.

- b) Carne de conducir B1 e dispoñer dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

### 3º.- PUBLICIDADE

As bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Ribas de Sil e na páxina WEB municipal [www.concelloribasdesil.es](http://www.concelloribasdesil.es).

### 4º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes presentáranse en modelo oficial (anexo I que se xunta a estas bases) no Rexistro Xeral do Concello de Ribas de Sil de 9:00 a 14:00 h en días laborables, ata o día **13 de decembro de 2018**.

2.- Á instancia unirase:

- .- Fotocopia compulsada do DNI.
- .- Fotocopia da titulación esixida na base segunda desta convocatoria (Requisitos específicos).
- .- Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- .- Relación de méritos que alega (Anexo II)
- .- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu



## CONCELLO

DE

## RIBAS DE SIL

(LUGO)

Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público. (Anexo III).

.- Declaración responsable de dispoñer dun coche propio para poder utilizalo no suposto de ser necesario desprazamento (Anexo IV).

.- Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

**No caso que os/as candidatos/as tiveran participado nun proceso selectivo no Concello de Ribas de Sil e presentado unha documentación para a valoración dos méritos equivalente á solicitada nestas bases, estes/as poderán indicalo na instancia de solicitude e non terán que presentala de novo. Só presentarán novos méritos achegando documentación, se é o caso.**

### 5º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

### 6º.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante dúas probas:

a) Valoración de méritos alegados polos interesados.

En caso de empate, levarase a cabo unha:

b) Entrevista persoal.

### 7º.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

#### 1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

Criterios xerais:

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data.

Acreditaranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes.

A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de **20 puntos**.

Criterios específicos:

#### - Formación continua:

- Estar en posesión doutros cursos relacionados co posto de traballo impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de **5 puntos** segundo o baremo seguinte:
  - o Non se valorarán as xornadas ou cursos con menos de 20 horas de duración.
  - o Por cada curso de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 pto/curso.
  - o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 pto/curso.
  - o Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 pto/curso.
  - o Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 pto/curso.



## CONCELLO

DE

## RIBAS DE SIL

(LUGO)

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez. Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

Non se valorarán as titulacións académicas esixidas polo artigo 75 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para o acceso aos distintos grupos de titulación, nin os cursos encamiñados á obtención destas.

- Por estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos (**1 punto**).

- Experiencia profesional: Puntuarase ata un máximo de **14 puntos**, consorte a seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes de servizo) non se computarán servizos inferiores a un mes.
- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0,05 puntos/mes de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

### 2.- ENTREVISTA PERSOAL

A entrevista persoal, só a levar a cabo en caso de empate entre os candidatos na valoración dos méritos, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo así como sobre os coñecementos relacionados coas tarefas a desempeñar en dito posto. Esta entrevista valorarase cunha **puntuación máxima de 10 puntos** e realizárase o día **18 de decembro de 2018 a partir das 11h00** na Casa Consistorial.

### 8º.- RESOLUCIÓN

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado da suma das puntuacións obtidas, proponendo a proposta de nomeamento aos seis candidatos/as que obtiveran a maior puntuación.

**Os demais candidatos/as quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal das persoas inicialmente seleccionadas, e no tempo de duración deste contrato.**

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do tribunal cualificador.

Os/as aspirantes seleccionados/as, previamente a súa contratación, e no prazo de tres días hábiles contados desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar e presentar a seguinte documentación:



CONCELLO

DE

**RIBAS DE SIL**

(LUGO)

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

#### **9º.- INCIDENCIAS**

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, se ben con carácter potestativo poderase interpor, ante o mesmo órgano que ditou este acto, recurso de reposición no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da referida publicación, sen poder simultanear ambos. Aínda que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso ou acción que se estime pertinente.

Ribas de Sil, 05.12.2018

O Alcalde-Presidente,

Miguel Ángel Sotuela Vega